Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o incremento da factura da luz das persoas consumidoras de electricidade en Galicia a causa da aplicación do canon eólico

- 24633 (10/POP-002980)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación cos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores realizada no ano 2017, así como as previsións ao respecto para o ano 2018

- 24639 (10/POP-002981)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a dispoñibilidade pola empresa Tragsa de permiso de cesión das instalacións públicas da base helitransportada de San Xoán de Río, da Consellería do Medio Rural, para levar a cabo labores de restauración nas zonas queimadas do distrito XIII, na comarca de Trives-Caldelas

- 24676 (10/POP-002982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a asistencia psicolóxica ás mulleres en situación de violencia machista nos xulgados de Galicia mentres non se procede á contratación dos profesionais anunciados pola Xunta de Galicia

- 24722 (10/POP-002983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para evitar a desigualdade de trato entre os empregados públicos autonómicos fixos e temporais, conforme a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea

- 24729 (10/POP-002985)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a execución da partida ou das partidas orzamentarias destinadas no ano 2017 ao Plan para fixar poboación no rural, elaborado pola Consellería do Medio Rural e cofinanciado con fondos europeos

- 24758 (10/POP-002986)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do procedemento de contratación directa dos profesionais das oficinas xudiciais de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista

- 24800 (10/POP-002987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento das obrigas reflectidas na Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia

- 24836 (10/POP-002988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das actuacións levadas a cabo para ofrecer á cidadanía ourensá un centro de saúde de primeira no barrio do Couto

- 24881 (10/POP-002989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para impulsar o uso da lingua galega no Bierzo fóra do ámbito educativo

- 24882 (10/POP-002990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración do Goberno Galego en relación coa proposta do colectivo cultural Fala Ceibe do Bierzo referida ao establecemento dun convenio de colaboración coa Xunta de Castela e León para impulsar un proceso de normalización da lingua galega nesa comarca

- 24888 (10/POP-002991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o ano 2018 para garantir a viabilidade da frota do cerco

- 24919 (10/POP-002992)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai a adoptar o Goberno galego para garantir a viabilidade da frota galega continxentada para o ano 2018

- 24930 (10/POP-002993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)

- 24936 (10/POP-002994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas a adoptar pola Consellería de Industria destinadas a garantir a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias S.A.

- 24945 (10/POP-002995)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación das listas de espera e a derivación de doentes no Sergas

- 24948 (10/POP-002996)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2018

- 24951 (10/POP-002997)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2018

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, e traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 24383 (10/PUP-000143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o incremento da factura da luz das persoas consumidoras de electricidade en Galicia a causa da aplicación do canon eólico

Preguntas orais en Pleno retiradas

Admisión da retirada e publicación do acordo

- 18960 (10/POP-002265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas conclusións reflectidas nos informes do Consello de Contas de Galicia respecto do uso do Fondo de Continxencia como ferramenta para a cobertura de gastos

BOPG nº 200, do 25.10.2017

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 24925.

- 24208 (10/POP-002924)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento do obxectivo de aumentar as enerxías renovables, reflectido no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 24285.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 7 de febreiro de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2017, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio

Na sesión que tivo lugar o 2 de febreiro de 2018, o tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 22 de xaneiro de 2018 (BOPG número 249, do 30 de xaneiro de 2018) para cualificar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino, reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 24 de xullo de 2018 (DOG núm. 158, do 22 de agosto de 2017) acordou, de conformidade co disposto na base 2, que o primeiro exercicio terá lugar o día 10 de marzo de 2018, nas salas da planta 0 do edificio do Parlamento de Galicia, sito na rúa do Hórreo, número 63, en Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 10:00 horas.

As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal

3.3. Asuntos económicos e contratación

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo do servizo para o desenvolvemento e a implantación da sede electrónica do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, publícase o anuncio da formalización deste contrato administrativo.

1. Entidade adxudicadora: Mesa do Parlamento de Galicia.

- a) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- b) Número de expediente: STI-PA-5/2017
- c) Dirección de internet do perfil do contratante: www.parlamentodegalicia.gal.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: servizo

b) Descrición: definición e implantación da sede electrónica do Parlamento de Galicia e creación e posta en funcionamento das ferramentas software e as integracións coas ferramentas informáticas corporativas precisas para dar cumprimento á lexislación vixente para facilitar a participación cidadá e a presentación e seguimento de expedientes en formato electrónico.

c) CPV: 72200000-7 (Servizos de programación de software e de consultaría)

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial da Galicia*.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 18 de xullo de 2017.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Valor estimado do contrato: 180.000,00 €

5. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 180.000,00 €

Importe total: 217.800,00 €

6. Formalización do contrato:

a) Data de adxudicación: 28 de decembro de 2017.

b) Data de formalización do contrato: 22 de xaneiro de 2018.

c) Contratista: TecnoCom, Telecomunicaciones y Energía, S.A.

d) Importe de adxudicación:

Importe neto: 131.969,03 €.

Importe total: 159.682,53 €.

e) Vantaxes da oferta adxudicataria: mellor oferta presentada.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018.

O presidente do Parlamento de Galicia

P.d. (Resolución do presidente do 8/1/2018)

O xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior

Francisco Javier Freire González

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo da subministración de vestiario para persoal, por lotes, do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, publícase o anuncio da formalización deste contrato administrativo.

1. Entidade adxudicadora: Mesa do Parlamento de Galicia.

a) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Persoal e Réxime Interior.

b) Número de expediente: SRI-PA-10/2017

c) Dirección de internet do perfil do contratante: www.parlamentodegalicia.gal.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: subministración

b) Descrición: vestiario para o persoal previsto nas normas reguladoras da uniformidade de determinado persoal do Parlamento de Galicia, mediante dous lotes:

a) Lote I: persoal da Unidade do Parque Móbil.

b) Lote II: persoal da Unidade de Asistencia Xeral.

c) CPV: 18300000-2 Pezas de vestir

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial da Galicia*.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 18 de setembro de 2017.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Valor estimado do contrato: 38.019,8 €

5. Orzamento base de licitación:

Importe neto lote I: 6.995,04 €.

Importe total lote I: 8.464,00 €

Importe neto lote II: 11.634,7€.

Importe total lote II: 14.077,98 €.

6. Formalización do contrato:

a) Data de adxudicación: 28 de decembro de 2017.

b) Data de formalización do contrato: 22 de xaneiro de 2018.

c) Contratista: María Mercedes Buján Liñares

d) Importe de adxudicación:

Importe neto Lote I: 6.757,02 €.

Importe total Lote I: 8.176,00 €.

Importe neto Lote II: 11.041,32 €.

Importe total Lote II: 13.360,00 €.

e) Vantaxes da oferta adxudicataria: única oferta presentada.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

O presidente do Parlamento de Galicia

P. d. (Resolución do presidente do 8/01/2018)

O xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior

Francisco Javier Freire González

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado **pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O día 17 deste mes, a Comisión Europea contestaba á pregunta dun eurodeputado socialista que “non ten coñecemento de novos estudos científicos sobre o estado dos residuos radiactivos vertidos na fosa atlántica. Tampouco foi informada polas autoridades españolas de ningún plan para levalos a cabo e estas autoridades non expuxeron á Comisión a necesidade destes estudos. O vertido de residuos radiactivos no mar está prohibido por instrumentos internacionais dende os anos setenta e, dentro da UE, os Estados teñen a responsabilidade de controlar permanentemente o índice de radioactividade nas súas augas territoriais, a súa atmosfera e o seu chan e de garantir unha seguridade básica”.

Dende hai 35 anos, na costa atlántica española varios países europeos arroxaron bidóns de residuos radioactivos, que ninguén está a vixiar de maneira permanente. O certo é que estes bidóns están na fosa atlántica pero fóra das augas territoriais españolas, polo que non aparecen nos informes que, de forma directa, fai o Goberno español sobre a supervisión da radioactividade no territorio. Mais o certo é tamén que nada se sabe de ningunha das principais institucións internacionais que supervise estes residuos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten coñecemento o Goberno galego do estado dos residuos radiactivos vertidos na fosa atlántica galega a partires dos anos setenta?
2. Ten preguntado o Goberno galego ao Goberno do Estado que institución se está a encargar da vixilancia permanente dos residuos?

 Grupo Parlamentario

3. Ten demandado o Goberno galego ao Goberno do Estado que pescude cales son as institucións internacionais que deben cumprir coa obriga de controlar permanentemente o índice de radiactividade derivada destes residuos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/01/2018 18:31:39

Raúl Fernández Fernández na data 26/01/2018 18:31:46

María Luisa Pierres López na data 26/01/2018 18:31:52

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase a financiación, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e os menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Grupo Parlamentario

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o cansazo acumulado; así como para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia que son suficientes o número de puntos de encontro familiar que hai na nosa comunidade autónoma, para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas?
2. Ten previsto o Goberno galego incrementar durante o ano 2018 o número de puntos de encontro familiar na nosa comunidade autónoma?
3. En caso afirmativo, cal será a situación destes novos puntos de encontro?
4. Vai a reforzar a Xunta de Galicia os medios humanos e materiais cos que contan na actualidade os puntos de encontro familiar?
5. En caso afirmativo, cal vai ser o incremento orzamentario que o Goberno galego vai dedicar para reforzar estes espazos?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/01/2018 18:24:56

María Luisa Pierres López na data 26/01/2018 18:25:02



 **Grupo Parlamentario**

Julio Torrado Quintela na data 26/01/2018 18:25:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

O ciclo formativo de electromedicina clínica pretende contribuír a mellorar a cualificación profesional das traballadoras e traballadores encargados de xestionar e realizar o montaxe e mantemento das instalación, sistemas e equipos de tecnoloxía sanitaria

En Galicia, non só non se está a impartir dito ciclo formativo si non que o mantemento da maquinaria de electromedicina, que inclúe o mantemento de equipos de endoscopia, incubadoras etc.. foi privatizado polo goberno de forma centralizada e adxudicando dito contrato á empresa Ibérica Mantenimiento (Iberman). Situación que non estivo exenta de denuncias por deficiencias no servizos e incumprimentos sistemáticos, denuncias tanto do persoal do SERGAS como do propio Consello de Contas que informaba que esas circunstancias eran motivo suficiente para a rescisión do contrato. Neste sentido, a Consellería de Sanidade informou ao Consello de Contas de que non faría uso da posibilidade de prórroga, regresando ao modelo de contratos descentralizados e de menor importe.

Foron varias as iniciativas que se teñen presentado por este Grupo Parlamentario tanto para o recoñecemento das competencias profesionais do Título de electromedicina, a implantación do ciclo formativo e a convocatoria dunha OPE na especialidade para reverter a privatización do servizo no SERGAS.

Polo contrario, lonxe de poñer fin a unha situación de abuso e deterioro da sanidade pública por parte de grandes empresas que non compren os pregos acordados, acaba de saír publicada unha nova adxudicación na EOXI do Salnés



para a mesma empresa de Iberman por medio do criterio da oferta económica máis vantaxosa.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- Considera a Consellería de Sanidade que ten feito unha boa xestión coa privatización da electromedicina?
- Que valoración fai a Consellería de Sanidade da advertencia do Consello de Contas?
- Considera que é positivo para a sanidade pública que a mesma empresa que incumpriía os pliegos de contratación volva a ser adjudicataria dun contrato co mesmo obxecto?
- Ten pensado o Goberno tomar algunha medida para evitar que se repita esta situación?
- Considera que unha empresa a que se decide non prorrogar o servizo polos incumprimentos sistemáticos no mesmo, está en condición de solvencia técnica o profesional?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/01/2018 18:36:21

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Álvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No mes de febreiro do 2017 unha moción presentada polo Grupo Socialista sobre a posición de Galicia no novo sistema de financiamento autonómico foi aprobada parcialmente polo Parlamento de Galicia logo de ser transaccionada. Non foi aprobada na súa integridade, quedando fóra o apartado referido á nivelación vertical.

A Comisión de expertos para a reforma do financiamento autonómico puxo en evidencia no seu informe do mes de xuño de 2017 a necesidade de que a Administración Xeral do Estado faga unha achega adicional (en recursos líquidos, en capacidades financeiras ou en compromisos das comunidades forais) para que as comunidades autónomas no seu conxunto poidan manter a súa proporción de gasto sobre o conxunto do sector público, e así reforzar o compromiso cos servizos básicos do estado do benestar. Esa achega adicional calcúlase nun abano que vai dos 8.500 aos 16.500 millóns de euros.

Por outra parte a declaración dos gobernos de Galicia, Asturias e Castela-León, asinada en decembro de 2017, insiste na idea da necesidade da nivelación vertical dos recursos, tanto para garantir o equilibrio entre niveis da administración canto para facer posible o respecto a cláusula do statu quo.

Sabemos tamén que o financiamento das comunidades autónomas vía FLA e FFF supuxo un financiamento extraordinario moi desigual para as comunidades, por medio de tipos de xuro inferiores aos de mercado. Aquelas que menos respectaron os criterios de déficit e débeda recibiron subsidios extraordinarios de maior contía. Este procedemento alterou substancialmente os parámetros do financiamento estrutural do modelo de 2009.

 Grupo Parlamentario

Na actualidade a reforma do sistema de financiamento autonómico está sendo discutida no ámbito das relacións entre os gobernos autonómicos e o Goberno central. Neste contexto convén insistir naqueles aspectos que non foron obxecto de aprobación polo Parlamento de Galicia en febreiro de 2017.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Está a Xunta de Galicia disposta a defender que o Goberno de España achegue ao novo modelo de financiamento autonómico un mínimo dun 10 % adicional de recursos sobre os correspondentes aos resultados do modelo anterior durante o seu primeiro ano?
2. Cree a Xunta de Galicia que ao remate do primeiro período quinquenal de vixencia as comunidades autónomas de réxime común deberían poder alcanzar, cos recursos do modelo, a proporción media do gasto dos países da Unión Europea en termos de PIB en sanidade, educación e política social?
3. Considera a Xunta de Galicia que a nosa Comunidade Autónoma debe obter unha parte dos recursos adicionais introducidos no sistema, de xeito que poida manter como mínimo o seu peso relativo en termos de financiamento por habitante axustado?
4. Cree a Xunta de Galicia que a reforma do modelo debe garantir que Galicia non perda recursos en termos absolutos no seu primeiro ano de vixencia?
5. Está disposta a defender a Xunta de Galicia que o índice de evolución a aplicar aos distintos compoñentes do sistema teña como referencia o PIB nominal ou a recadación dos recursos tributarios globais?

 Grupo Parlamentario

6. Considera a Xunta de Galicia que o novo modelo debe evitar toda discriminación entre comunidades autónomas pola aplicación dos mecanismos extraordinarios de financiamento?
7. Cree a Xunta de Galicia que debe reformarse o sistema de entregas a conta para evitar as actuacións discrecionais do goberno central?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 11:33:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/01/2018 11:33:12

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2018 11:33:18

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A posta en marcha a mediados do ano anterior, de ao redor de 40 novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada, foi un proceso convulso e falto de participación, realizado ademais baixo fórmulas xurídicas que expoñen moitos interrogantes e dúbidas ao respecto da súa legalidade e viabilidade. Logo destes meses de funcionamento, pódese constatar que son abundantes as queixas e protestas ante a falla de servizos, para concluír que o transporte público dependente da Xunta de Galicia ten empeorado considerablemente.

Tal e como xa no seu momento denunciáramos, tentar mellorar o transporte público en Galicia sen ningún aporte adicional da Administración autonómica, non pode resultar viable. Cabe recordar que dende a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de acordo aos orzamentos aprobados para 2018, unicamente se reflicte unha partida orzamentaria (de 10 millóns de euros, ao igual que para anos anteriores) para o transporte metropolitano, peno ningunha outra contía para a mellora do transporte por estrada en autobús fora de tal ámbito.

Cabe recordar que tal proceso realizouse pola renuncia dunha serie de empresas a continuar prestando os servizos contratados, pero que foi unha solución provisional e de urxencia, pois a licitación das súas rutas así como a da totalidade das que se establezan, débese efectuar para proceder no ano 2019 a súa adxudicación.

Tendo en conta a diminución das prestacións realizadas nos servizos de transporte público por estrada e os problemas xurdidos nos últimos meses, que o deseño anunciado se xeneralice constitúe unha decisión que expón moitas incógnitas e preocupacións. A unión realizadas entre as liñas xerais para persoas usuarias e as do transporte escolar, non parece un deseño do máis apropiado e unicamente tivo por finalidade

Grupo Parlamentario

tentar de buscar un aforro público das dotacións dirixidas ao transporte dende a Comunidade Autónoma, pero non co obxectivo da mellora destes servizos. Mentres que os servizos do chamado “transporte á demanda”, se poden cualificar como claramente deficientes e incompletos.

Que o soporte fundamental para o deseño estea a ser realizado en base fundamental a propostas e informes elaboradas por unha empresa privada que leva anos sendo adxudicataria das contratacións realizadas dende o departamento autonómico de mobilidade, con interese no sector do transporte, tampouco pode considerarse como un factor positivo.

Ante tal cúmulo de dúbidas futuras sen resposta coñecida, os deputados e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é o calendario concreto que ten previsto e as pautas fundamentais do proceso para a adxudicación das liñas de transporte público en Galicia?
2. Cales son os procedementos de participación que levará a efecto e en que datas?
3. Como se abordarán as competencias doutras administracións para a coordinación dos servizos e que se ten previsto elaborar no relativo as competencias a asumir neste eido nas áreas Metropolitanas de Vigo e A Coruña?
4. Serán os servizos negociados cos concellos?
5. Continuará co modelo anunciado pese ós múltiples problemas existentes ou que cambios no seu caso introducirá?
6. Existirá algún financiamento adicional novo por parte da Xunta de Galicia para a prestación destes servizos?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López



 Grupo Parlamentario

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 17:02:42

Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2018 17:02:48

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 17:02:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A posta en marcha a mediados do ano anterior, de ao redor de 40 novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada, foi un proceso convulso e falto de participación, realizado ademais baixo fórmulas xurídicas que expoñen moitos interrogantes e dúbidas ao respecto da súa legalidade e viabilidade.

Logo destes meses de funcionamento, pódese constatar que son múltiples as queixas e protestas ante a falla de servizos, e pódese xa afirmar que o transporte público dependente da Xunta de Galicia ten empeorado considerablemente.

Tal e como xa no seu momento denunciáramos, tentar mellorar o transporte público en Galicia sen ningún aporte adicional da Administración autonómica, non pode resultar viable. Cabe recordar que dende a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de acordo aos orzamentos aprobados para 2018, unicamente se reflicte unha partida orzamentaria (de 10 millóns de euros, ao igual que para anos anteriores) para o transporte metropolitano, peno ningunha outra contía para a mellora do transporte fora de tal ámbito.

A tal estado de cousas, únese agora o novo proceso de contratación de novos servizos de transporte público por estrada de enorme importancia, e que van dende Lugo a Pontevedra e o que transita no eixo de A Coruña – Santiago – Pontevedra – Vigo – Fisterra, cun número moi relevante de liñas que afectan e transcorren a cerca dunha cuarta parte do total dos concellos de Galicia.

Se trata dun contrato de xestión destes servizos, realizado por un procedemento non aberto e de adxudicación directa, ao que a administración “invita” a participar a unha serie de empresas que

Grupo Parlamentario

previamente manifestaran o seu interese polos mesmos, por un importe de cerca de 19 millóns de euros e cun prazo de execución de (unicamente) dezaseis meses.

Se trata dun procedemento non exento dunha marxe de discrecionalidade dende a administración, posto que incluso unha vez recibidas e valoradas as ofertas, se pode dispoñer dunha fase de negociación posterior.

Chama por exemplo a atención os importantes cambios introducidos entre o anteproxecto e o proxecto, posto que dun total anual de 80 millóns de viaxeiros quilómetro se pase a 118 millóns de viaxeiros quilómetro, un aumento pois de case un 50 %. E dunha valoración económica de 8 millóns de euros se pasa agora a un importe cerca dun 20 %, de 9,5 millóns de euros.

Por outra banda, existiron múltiples alegacións que non foron atendidas e valoracións que contradín a análises realizadas dende a propia administración, tales como a insuficiencia dos vehículos para garantir os servizos, a inexistencia de cálculos rigorosos das previsións de persoas viaxeiras, falta de expedicións, desequilibrios horarios, coincidencia con outras liñas existentes, variacións inxustificadas de expedicións.

Ao tempo que as actuais empresas que prestan os servizos obxecto de contratación, manifesta a súa posición contraria ao proceso administrativo e de licitación realizado, o que fai prever unha situación de futuros litixios xudiciais.

Igualmente o “Comité Galego de Transporte por estrada” alega a falla de información ao respecto.

Pódese afirmar que este proceso de contratación, como os anteriores, adoececeron da oportuna e previa colaboración por parte dos concellos e dos axentes sociais e económicos, ao tempo que as súas formulacións básicas volven a estar realizadas en base á externalización de traballos que son realizados polo mesmo grupo de empresas.

 Grupo Parlamentario

Por todo o anterior, os deputados e a deputada que asinan interpelan á conselleira de Infraestruturas e Vivenda, nos seguintes termos:

1. Considera que o proceso para a contratación de novas liñas de transporte se realizou cas garantías necesarias?
2. Considera que as estimacións da demanda e custos foron estimados correctamente e por que unhas variacións tan considerables?
3. Existen e no seu caso, cal é o estado das reclamacións presentadas?
4. Informouse previamente aos axentes do sector, colectivos de persoas usuarias e aos concellos afectados?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 17:10:54

Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2018 17:11:01

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 17:11:05

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A sentenza 149/2017 do Tribunal Constitucional, de 18 de decembro de 2017, ditada no recurso de amparo 5542-2016 promovido por dúas traballadoras interinas da entón Consellería de Traballo e Benestar, co obxecto de garantir e reclamar a conciliación da súa vida laboral e familiar mediante a permuta de localidade dos seus postos de traballo, reconece a ambas traballadoras este dereito, tal e como fixera en primeira instancia o Xulgado do Social núm. 2 de Ourense o 25 de marzo de 2014. Entenden estas sentenzas contrario ao dereito das traballadoras os pronunciamentos da Xunta de Galicia que impedían esta permuta de postos de traballo.

Estas resolucións xudiciais invocan a propia doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) ao interpretar a cláusula 4.1 da Directiva 1999/70/CE, do Consello, do 28 de xuño de 1999, considerando que os traballadores con contrato de duración determinada non poden, sen que exista algunha xustificación obxectiva, ser tratados de maneira menos favorable que os traballadores fixos que se encontran nunha situación comparable.

Por iso o Tribunal Constitucional reconece en amparo ás traballadoras temporais da Xunta de Galicia que impugnarón as decisións da entón Consellería de Traballo o seu dereito ás permutas solicitadas, ao apreciarse que o artigo 17 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia –que limita o dereito de permuta aos traballadores fixos– debe interpretarse conforme á normativa comunitaria que proscribe as diferenzas de trato inxustificadas entre o persoal fixo e o temporal.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:



Grupo Parlamentario

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos, fixos e temporais, conforme á doutrina do TXUE?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2018 16:26:56

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2018 16:27:13

Noela Blanco Rodríguez na data 31/01/2018 16:27:22

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2018 16:27:32

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O 23 de marzo de 2017, o Consello da Xunta aprobou un documento elaborado pola Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional.

Segundo manifesta o Goberno, o Plan xira arredor de seis grandes eixes, a través de 23 medidas, coa previsión de crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e a posta en valor de case 330.000 hectáreas dende o punto de vista agrogandeiro e forestal no período 2017-2020.

Sendo o seu principal obxectivo a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxenos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

Por iso a deputada e os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego de cada un dos seis eixes nos que se basea o Plan?

2ª) Cal foi a execución da partida ou partidas destinadas a este plan no ano 2017?

3ª) Cales foron os resultados obtidos no 2017, nomeadamente en creación de emprego e posta en valor dos terreos?



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2018 16:52:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/01/2018 16:52:37

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2018 16:52:44

José Antonio Quiroga Díaz na data 31/01/2018 16:52:52

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nas sete principais cidades de Galicia había abertas oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista. Este servizo cubríase, en fase de probas, mediante un convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ata o de agora, pero nestes días soubemos que Vicepresidencia decidiu sacar a concurso as 7 prazas, asumindo entón a súa xestión.

Ocorre que o convenio remata neste mes de xaneiro, polo que haberá un tempo ata a contratación directa dos e das profesionais por parte da Xunta de Galicia (e que o Goberno non é capaz de cuantificar), no que as oficinas xudiciais de apoio non estarán operativas. O que preocupa fondamente a este grupo parlamentario.

Garantir a protección das vítimas e atendela como corresponde nas dependencias xudiciais ten que ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica de 2004. Non obstante, en Galicia só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a Muller, en Vigo e en A Coruña e, pese ao avance que supuxo o servizo de oficinas de psicólogos, agora os xulgados quedarán sen elas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Canto tempo prevé o Goberno galego que vai tardar en implantar o procedemento de contratación directa dos e das profesionais das oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista?
2. Que vai ocorrer entre o día 1 de febreiro de 2018 e o final dese procedemento de contratación?

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Vai poñer en marcha o Goberno galego o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguros no seu percorrido xudicial?
4. Entende o Goberno galego que é suficiente o número de xulgados especializados en violencia de xénero en Galicia?
5. Vai reformar o Goberno galego todas as dependencias xudiciais, habilitando espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores?
6. Vai dotar o Goberno galego, de maneira inmediata, de máis persoal a estes xulgados?
7. Vai incrementar o Goberno galego a formación específica e periódica en violencia machista a todos os sectores da xustiza en Galicia?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2018 18:55:02

María Luisa Pierres López na data 31/01/2018 18:55:07

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2018 18:55:12

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2018 18:55:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2018 18:55:23

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre a reestruturación da débeda pública.

O Ministro de Facenda, Sr. Montoro, na súa comparecencia do día 31 de xaneiro na Comisión de Facenda do Congreso dos Deputados, dixo textualmente que: “tenemos que ver que hacemos respecto a la deuda de las comunidades autónomas y en especial la que tienen contraída con el Estado. Tenemos que ver que parte de esta deuda se corresponde con insuficiencias del sistema de financiación autonómica”.

Isto significa que xa de forma aberta o Goberno central abre a porta do debate sobre a reestruturación da débeda das comunidades, incluíndo a súa metabolización.

Esta é, sen dúbida, unha situación de oportunidade pero, tamén, de risco para Galicia, tanto pola estrutura da nosa débeda como polos criterios habitualmente utilizados para cualificar as comunidades infra-financiadas. Unha situación de risco que se ve agravada polas reiteradas declaracións da Xunta, tanto negándose a falar da reestruturación como de presumir de estar ben tratada polo sistema de financiamento.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte **INTERPELACIÓN:**



- 1.- Como valora a Xunta de Galicia as palabras do Sr Montoro?
- 2.- Cre a Xunta que é necesario reestruturar a débeda pública galega?
- 3.- Cre a Xunta que se ten que condonar parte da débeda pública das CC.AA ? Se é así, con que criterios?
- 4- Cal vai ser a postura da Xunta no debate sobre a reestruturación da débeda no conxunto das CC.AA.?
- 5.- Cree a Xunta que a utilización do criterio da infra-financiación supón un risco para nós porque ese criterio é prexudicial para Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2018 11:03:19



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 11:17
Nº Rexistro: 24795
Data envío: 01/02/2018 11:17:59.373

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a cancelación do contrato para a organización dos actos nas Feiras do libro internacionais para 2018.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data do 28 de setembro de 2017 a Xunta de Galiza autorizou o inicio do proceso de licitación do contrato de servizos de organización dos actos a desenvolver pola Consellaría de Cultura, Educación e O.U. nas feiras do libro internacionais de 2018. No concreto 5 lotes que se corresponden coas feiras de Bologna, Barcelona, Frankfurt, Guadalajara (Mexico) e Bos Aires. O proceso contaba cun orzamento de licitación de 157.024,80 euros, IVE excluído.

Os pregos coas cláusulas administrativas e prescricións técnicas foron aprobados polo órgano de contratación correspondente o 31 de outubro de 2017 e a publicación do procedemento tivo lugar no DOG núm. 212, do 8 de novembro de 2017 rematando o prazo de presentación das ofertas o 23.11.2017.

Porén, en decembro a Secretaría Xeral de Cultura dirixiu un escrito ao órgano de contratación para solicitar a suspensión do expediente de contratación de catro dos cinco lotes. En concreto, todos agás o de Bos Aires (Arxentina).



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 11:17
Nº Rexistro: 24795
Data envío: 01/02/2018 11:17:59.373

Na súa argumentación a Secretaría Xeral de Cultura responsabiliza da decisión ao “crecente desinterese dos axentes implicados na participación destas feiras, fundamentalmente do sector editorial” cuestión que afirman ter “corroborado en recentes reunións mantidas entre a Administración autonómica e representantes do mundo editorial (principalmente coa Asociación Galega de Editoras) [...] que fai que o forte investimento que realiza a Administración autonómica para conseguir os obxectivos marcados pola Administración carezan de sentido”.

Cómpre lembrar que a AGE abrangue o 90% da produción editorial galega e que a Xunta de Galiza ten, de acordo coa Lei do libro e da lectura de Galiza, aprobada en 2006, a obriga de “fomentar a asistencia das empresas galegas do sector do libro e dos creadores e creadoras a feiras ou exposicións que se desenvolvan fóra do seu ámbito territorial, incluídos os certames internacionais” así como de “realizar unha política de apoio para a apertura de novos mercados do libro galego” (artigo 18).

Por todo o exposto fórmase a seguinte Interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación que atinxe o sector do libro na actualidade?
- Cales foron as razóns que xustifican a suspensión do expediente de contratación para os actos de organización de catro das cinco Feiras do libro internacionais que terán lugar en 2018?
- Por que responsabiliza a Xunta de Galiza aos axentes do sector e fundamentalmente á AGE a devandita suspensión?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre que os criterios empregados pola Consellaría de Cultura, Educación e O.U. nos últimos anos son os mellores para garantir o aproveitamento destas Feiras do libro internacional por parte dos axentes do sector?

- A que destinará o Goberno galego a partida orzamentaria encamiñada ás Feiras do libro internacionais?

- A Xunta de Galiza defende mudar o modelo de apoio á internacionalización do sector editorial galego, cal é a política que defende neste senso?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

As políticas de Feijóo condenan a Galicia a ser un territorio subalterno con respecto á capital. Vímoloo cando o Presidente “negociou” o traspaso da AP-9 – dito sexa entre comiñas de advertencia– e estámolo vendo agora co Corredor Atlántico.

Na actualidade, o Corredor Atlántico é unha das principais redes de mercadorías da Unión Europea. O seu trazado comeza en Sines (Portugal) e chega ata Francia, a nosa porta de entrada ao resto do continente. Formar parte dela permitiríalle a Galicia renovar a súa obsoleta liña ferroviaria, cuxa ineficacia só permite transportar o 1% do total de mercadorías que pasan pola nosa terra.

Fai pouco máis dun mes, Íñigo de la Serna, Ministro de Fomento de Mariano Rajoy, asegurou aos gobernos de Galicia, Asturias e Castela e León que o próximo ano negociaríase a inclusión do noroeste español no Corredor, co obxecto de dispoñer dunha liña ferroviaria de mercadorías moderna e ben conectada co resto de Europa. "En 2018", dicía, “se iniciarán las tareas que conducirán a la aprobación de un nuevo reglamento en 2020, con los nuevos itinerarios de los corredores europeos”. Non obstante, a promesa, como tantas do Partido Popular, resultou ser fraudulenta. O 15 de novembro do presente ano, o Ministerio de Fomento comunicou que Galicia non podería negociar a súa incorporación ao Corredor ata o ano 2023 e que, en calquera caso, non se tomaría ningunha decisión definitiva ata o ano 2027. Deste xeito, a nosa comunidade non só é marxinalizada comercialmente, senón que ademais resulta excluída da



posibilidade de optar aos fondos Conectar Europa (CEF) para proxectos prioritarios.

Ao mesmo tempo, os territorios que defenden os seus intereses melloran as súas condicións materiais e a súa competitividade. É o caso do País Vasco. Mentres nós seguimos desconectados e a velas vir, o País Vasco vai sumar unha nova saída ferroviaria para o porto de Bilbao que enlazará co Corredor Atlántico. A inversión prevista, nada desprezable, ascende aos 381 millóns de euros. Conseguir o apoio do Estado e de Europa é, polo tanto, posible.

O pasado 17 de xaneiro vimos como o Ministro de Fomento Íñigo de la Serna anunciou que se incorporaría Zaragoza pasando por Pamplona ao corredor europeo, noutra mostra máis de que non estaban pechadas as posibilidades de incorporar novas rutas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Como pode explicar o Goberno galego que despois de manter o Presidente Feijóo que non podía incluírse o tramo Monforte-Palencia, agora coñezamos que o Ministerio de Fomento si solicitou a incorporación de Zaragoza?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 16:29:05

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 16:29:19

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A cortina de fume do Plan Galicia fai tempo que se esvaeceu no aire. A colección de promesas que o goberno de Aznar puxo sobre a mesa fai 15 anos, co obxecto de tapar a negligente xestión do Prestige, quedou en practicamente nada. Nin serviu para paliar as consecuencias medioambientais do accidente nin impulsou o desenvolvemento social e económico de Galicia –na actualidade, somos a quinta comunidade máis pobre do Estado en renda media por persoa, temos as pensións máis baixas do país e padecemos unha sangría demográfica que non cesa–. O fracaso do Plan Galicia e dos propios gobernos populares salta á vista.

As cifras deste fracaso son moi elocuentes. Quince anos despois só se están a executar tres das oito grandes obras do Plan Galicia: o Porto Exterior da Coruña, o AVE á meseta e o Parador de Muxía. O resto foi morrendo polo camiño a pesar de que unha parte importante das obras públicas referidas polo Plan eran unha mera recompilación de promesas que xa se fixeran.

Os incumprimentos máis soados foron:

- O corredor de alta velocidade entre Ferrol e Bilbao. Tiña destinados só nos tramos galegos 1.470 millóns de euros. Foi descartado.
- O AVE Coruña-Lugo e Ponferrada-Monforte de Lemos. Contaba cun orzamento de 1.470 millóns de euros. Foron descartados.



- O AVE a Madrid, retrasado ata o ano 2019, aínda que non será de alta velocidade integramente ata dous ou tres anos despois.
- Unha autovía Pontevedra-A Cañiza de 480 millóns de euros. Só conta con media ducia de quilómetros en obras.
- A autovía entre Chantada e Monforte que non superou a fase de estudos iniciais.
- O parador de Muxía, que superou xa os 24 millóns de orzamento e aínda non ten data para a súa apertura.
- A universalización de internet no rural.

Así, o Plan Galicia non foi máis que unha escusa que empregou o Partido Popular da Guerra de Irak e do 14-M para limpar a súa maltreita imaxe nos medios de comunicación e na nosa comunidade. De ningún xeito se viu reflexado nos orzamentos ou nas obras executadas.

15 anos despois cómpre que fagamos unha análise crítica do sucedido.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia do incumprimento dos investimentos comprometidos polo Goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 29/01/2018 16:51:30

Antón Sánchez García na data 29/01/2018 16:51:37

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Alvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Segundo sabemos polos medios de comunicación, o Concello de Barreiros (Lugo) ten acumuladas sancións por infraccións medioambientais derivadas da falla de funcionamento da Edar de San Miquel de Reinante, na praia de Arealonga.

As sancións (por 4 expedientes abertos pola Xunta de Galicia) ascenden a uns 20.000 euros por un dos meses de verán e se corresponden con feitos que foron detectados durante o período estival por vertidos á praia e a correntes municipais de auga. Esta cantidade podería semellar pequena, mais para un concello como Barreiros, cun orzamento anual de menos de 2.500.000 de euros, é importante, a maiores dos efectos medioambientais que supoñen os feitos, pois esa zona é de especial protección e está dentro de Rede Natura por estar preto da praia das Catedrais de Ribadeo e tamén porque o resto de depuradoras do concello non funcionan debidamente.

O curioso é que, sendo o Concello gobernado polo Partido Popular, o Goberno galego non teña investido nin un só euro en depuración para Barreiros, que ano tras ano agarda.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai acordar o Goberno unha partida orzamentaria específica para a depuración de Barreiros, na provincia de Lugo?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Alvarez Martínez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/01/2018 17:11:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 29/01/2018 17:11:44

Raúl Fernández Fernández na data 29/01/2018 17:11:50

María Luisa Pierres López na data 29/01/2018 17:11:55

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Instituto Nacional de Estatística e o Instituto Galego de Estatística veñen de publicar a Enquisa de Poboación Activa (EPA) referida ao cuarto trimestre de 2017, o que permite coñecer a evolución das variables do mercado de traballo en Galicia no último trimestre, pero tamén no conxunto do exercicio de 2017.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta:

-Como valora a Xunta de Galicia a evolución do mercado de traballo en Galicia no ano 2017?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 29/01/2018 16:56:00

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O ciclo formativo de electromedicina clínica pretende contribuír a mellorar a cualificación profesional das traballadoras e traballadores encargados de xestionar e realizar o montaxe e mantemento das instalación, sistemas e equipos de tecnoloxía sanitaria

En Galicia, non só non se está a impartir dito ciclo formativo si non que o mantemento da maquinaria de electromedicina, que inclúe o mantemento de equipos de endoscopia, incubadoras etc.. foi privatizado polo goberno de forma centralizada e adxudicando dito contrato á empresa Ibérica Mantenimiento (Iberman). Situación que non estivo exenta de denuncias por deficiencias no servizos e incumprimentos sistemáticos, denuncias tanto do persoal do SERGAS como do propio Consello de Contas que informaba que esas circunstancias eran motivo suficiente para a rescisión do contrato. Neste sentido, a Consellería de Sanidade informou ao Consello de Contas de que non faría uso da posibilidade de prórroga, regresando ao modelo de contratos descentralizados e de menor importe.

Foron varias as iniciativas que se teñen presentado por este Grupo Parlamentario tanto para o recoñecemento das competencias profesionais do Título de electromedicina, a implantación do ciclo formativo e a convocatoria dunha OPE na especialidade para reverter a privatización do servizo no SERGAS.

Polo contrario, lonxe de poñer fin a unha situación de abuso e deterioro da sanidade pública por parte de grandes empresas que non compren os pregos acordados, acaba de saír publicada unha nova adxudicación na EOXI do Salnés



para a mesma empresa de Iberman por medio do criterio da oferta económica máis vantaxosa.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- Considera a Consellería de Sanidade que ten feito unha boa xestión coa privatización da electromedicina?

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/01/2018 18:37:48

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carme Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

O Centro Galego de Bos Aires, histórica institución da emigración galega, é unha entidade privada con 110 anos de historia, que comezou o 2 de maio de 1907 ca reunión de asociacións galegas onde se asinou a Acta de Fundación na que se establecían os obxectivos da mesma organización e do centro, para satisfacer as necesidades do colectivo da inmigración galega, cun centro hospitalario e cultural.

O CGBA conta cunha sede de 34.000 metros cadrados (seis pisos e dous sotos), 60 salas de consulta, 6 quirófanos, 500 camas, axudou aos inmigrantes con cursos de alfabetización, ca creación dunha oficina de Traballo e Inmigración e con asistencia sanitaria. O centro estableceuse no inmovible do Centro na Avenida Belgrano despois de estar noutra localización anteriormente.

Ribera Salud e a fundación arxentina Favaloro, iniciaron conversas a finais do pasado ano 2017, para mercar o edificio por 42 millóns de euros e tiñan previsto destinar 60 millóns en modernizar o seu equipamento.



Finalmente, as negociacións mantidas entre a administración do Centro Galego e Ribera Salud e Favaloro, contiñan unha serie de condicións, segundo estes últimos, a saber:

- a adquisición do inmovible, entre outras, debendo negociar o importe en base ao valor en libros revisable e prazo de pago,
- asunción por a nova sociedade da responsabilidade sobre a xestión realizada por a administración e anteriores directivas do CGBA,
- o mantemento nas mesmas condicións ao persoal traballador, mutualistas,
- e o recoñecemento expreso da propiedade das obras en mans da mutualidade, mediante outorgamento gratuito e a perpetuidade á asociación mutualista do Centro Galego.

Nesta última, recollíase expresamente a cesión das dependencias do Teatro Castelao, a sala de sesións, presidencia e Ramón Otero Pedrayo, así como todas aquelas destinadas a preservar o patrimonio histórico e cultural como a pinacoteca, biblioteca e demais obras de arte. Ademais, requiríase o funcionamento da asociación nas instalacións, sendo esta sempre a propietaria e quen defina no seu caso o destino definitivo de todo o patrimonio, non podendo trasladarse fóra da Arxentina.

Todas estas condicións, que non eran as iniciais, segundo Ribera Salud e a fundación Favaloro provocaron a ruptura das negociacións, que foi comunicado por carta á administración do CGBA.



O vasto patrimonio cultural que o CGBA alberga quedarán en mans do goberno arxentino para a satisfacción do pago aos acredores, de non aparecer outra compradora ou interesada.

O Consello da Cultura Galega emitiu un informe publicado neste mes de xaneiro, “informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do Centro Galego de Bos Aires”, no que se recorda o deber da Xunta de Galicia de protexer o legado cultural existente fóra do territorio de Galicia en base a o artigo 27 da Lei 7/2013 da galegidade e do artigo 4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

O artigo 27 recolle a obriga da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, de desenvolver entre outras, as seguintes actuacións en defensa e protección do patrimonio cultural galego no exterior:

1. A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas. Para iso, nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.

2. Así mesmo a Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante, entre outras, as seguintes accións:

1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.

2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio cultural de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias.

3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.

Á vista do Informe do O Consello Cultural de Galicia, que reproducimos de seguido, o patrimonio é inmenso: “Entre os fondos atópanse colección de obras de arte, doadas por artistas e socios ou mercadas polas diferentes directivas, que inclúen obras pictóricas, estatuas, esculturas, sinala este informe do OCCG. Entre eles obras de Castelao, Laxeiro, Viveros, Luis Aquino, Francisco Lamas, Manuel Oliveira, Demetrio Urruchua, Manuel Torres, José Solla, Samuel Mallo, Leopoldo Nóvoa García, Luís Seoane, Carlos Maside, Dolores Freixas, Manuel Escudero, Carlos Cañas, José María Moraña, Gustavo Fernández, Lorenzo Carballo.

Tamén conta cunha colección de partituras musicais orixinais, obras corais e sinfónicas, obras que foran encargadas pola Comisión de Cultura e sempre relacionadas coa colectividade galega. Así mesmo, dispón dun arquivo sonoro importantísimo para o estudo da cultura e a historia de Galicia, pois componse de gravacións de conferencias e actos nos que participaron intelectuais galegos e arxentinos tales como Alfonso Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Martínez Risco, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco-Amor, Battistesa ou Ghioldi. Sen esquecernos do importante patrimonio fotográfico que conserva nas súas instalacións.”

O Plenario do Consello da Cultura Galega, na súa sesión ordinaria celebrada no día 9 de xaneiro de 2018, coa asistencia como membro de honra do Presidente de Galicia, propuxo o cumprimento do artigo 4 da Lei do Patrimonio cultural de Galicia, “A Xunta de Galicia promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de



Galicia que se atope no exterior, especialmente en Latinoamérica, e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións tendentes a preservar o patrimonio galego do CGBA vai levar a cabo a Xunta de Galicia, ben co Goberno de Arxentina ben coa entidade resultante da compra do Centro?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 11:43:58

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 11:46:49

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 11:46:56

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 11:46:59

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 11:47:11

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 11:47:15

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 11:47:17

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 11:47:21

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 11:47:35

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 11:47:42



José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 11:47:50

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 11:47:59

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 11:48:02

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 11:48:05

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A posta en marcha a mediados do ano anterior, de ao redor de 40 novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada, foi un proceso convulso e falto de participación, realizado ademais baixo fórmulas xurídicas que expoñen moitos interrogantes e dúbidas ao respecto da súa legalidade e viabilidade. Logo destes meses de funcionamento, pódese constatar que son abundantes as queixas e protestas ante a falla de servizos, para concluír que o transporte público dependente da Xunta de Galicia ten empeorado considerablemente.

Tal e como xa no seu momento denunciáramos, tentar mellorar o transporte público en Galicia sen ningún aporte adicional da Administración autonómica, non pode resultar viable. Cabe recordar que dende a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de acordo aos orzamentos aprobados para 2018, unicamente se reflicte unha partida orzamentaria (de 10 millóns de euros, ao igual que para anos anteriores) para o transporte metropolitano, peno ningunha outra contía para a mellora do transporte por estrada en autobús fora de tal ámbito.

Cabe recordar que tal proceso realizouse pola renuncia dunha serie de empresas a continuar prestando os servizos contratados, pero que foi unha solución provisional e de urxencia, pois a licitación das súas rutas así como a da totalidade das que se establezan, débese efectuar para proceder no ano 2019 a súa adxudicación.

Tendo en conta a diminución das prestacións realizadas nos servizos de transporte público por estrada e os problemas xurdidos nos últimos meses, que o deseño anunciado se xeneralice constitúe unha decisión que expón moitas incógnitas e preocupacións. A unión realizadas entre as liñas xerais para persoas usuarias e as do transporte escolar, non parece un deseño do máis apropiado e unicamente tivo por finalidade

Grupo Parlamentario

tentar de buscar un aforro público das dotacións dirixidas ao transporte dende a Comunidade Autónoma, pero non co obxectivo da mellora destes servizos. Mentres que os servizos do chamado “transporte á demanda”, se poden cualificar como claramente deficientes e incompletos.

Que o soporte fundamental para o deseño estea a ser realizado en base fundamental a propostas e informes elaboradas por unha empresa privada que leva anos sendo adxudicataria das contratacións realizadas dende o departamento autonómico de mobilidade, con interese no sector do transporte, tampouco pode considerarse como un factor positivo.

Ante tal cúmulo de dúbidas futuras sen resposta coñecida, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o calendario concreto que ten previsto o Goberno galego para a adxudicación das liñas de transporte público en Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Raúl Fernández Fernández

María Luisa Pierres López

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 17:04:15

Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2018 17:04:22

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 17:04:26

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A posta en marcha a mediados do ano anterior, de ao redor de 40 novas liñas de transporte público de viaxeiros por estrada, foi un proceso convulso e falto de participación, realizado ademais baixo fórmulas xurídicas que expoñen moitos interrogantes e dúbidas ao respecto da súa legalidade e viabilidade.

Logo destes meses de funcionamento, pódese constatar que son múltiples as queixas e protestas ante a falla de servizos, e pódese xa afirmar que o transporte público dependente da Xunta de Galicia ten empeorado considerablemente.

Tal e como xa no seu momento denunciáramos, tentar mellorar o transporte público en Galicia sen ningún aporte adicional da Administración autonómica, non pode resultar viable. Cabe recordar que dende a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de acordo aos orzamentos aprobados para 2018, unicamente se reflicte unha partida orzamentaria (de 10 millóns de euros, ao igual que para anos anteriores) para o transporte metropolitano, peno ningunha outra contía para a mellora do transporte fora de tal ámbito.

A tal estado de cousas, únese agora o novo proceso de contratación de novos servizos de transporte público por estrada de enorme importancia, e que van dende Lugo a Pontevedra e o que transita no eixo de A Coruña – Santiago – Pontevedra – Vigo – Fisterra, cun número moi relevante de liñas que afectan e transcorren a cerca dunha cuarta parte do total dos concellos de Galicia.

Se trata dun contrato de xestión destes servizos, realizado por un procedemento non aberto e de adxudicación directa, ao que a administración “invita” a participar a unha serie de empresas que

Grupo Parlamentario

previamente manifestaran o seu interese polos mesmos, por un importe de cerca de 19 millóns de euros e cun prazo de execución de (unicamente) dezaseis meses.

Se trata dun procedemento non exento dunha marxe de discrecionalidade dende a administración, posto que incluso unha vez recibidas e valoradas as ofertas, se pode dispoñer dunha fase de negociación posterior.

Chama por exemplo a atención os importantes cambios introducidos entre o anteproxecto e o proxecto, posto que dun total anual de 80 millóns de viaxeiros quilómetro se pase a 118 millóns de viaxeiros quilómetro, un aumento pois de case un 50 %. E dunha valoración económica de 8 millóns de euros se pasa agora a un importe cerca dun 20 %, de 9,5 millóns de euros.

Por outra banda, existiron múltiples alegacións que non foron atendidas e valoracións que contradín a análises realizadas dende a propia administración, tales como a insuficiencia dos vehículos para garantir os servizos, a inexistencia de cálculos rigorosos das previsións de persoas viaxeiras, falta de expedicións, desequilibrios horarios, coincidencia con outras liñas existentes, variacións inxustificadas de expedicións.

Ao tempo que as actuais empresas que prestan os servizos obxecto de contratación, manifesta a súa posición contraria ao proceso administrativo e de licitación realizado, o que fai prever unha situación de futuros litixios xudiciais.

Igualmente o “Comité Galego de Transporte por estrada” alega a falla de información ao respecto.

Pódese afirmar que este proceso de contratación, como os anteriores, adoececeron da oportuna e previa colaboración por parte dos concellos e dos axentes sociais e económicos, ao tempo que as súas formulacións básicas volven a estar realizadas en base á externalización de traballos que son realizados polo mesmo grupo de empresas.



Grupo Parlamentario

Por todo o anterior, os deputados e a deputada que asinan formulan á conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera que o proceso para a contratación de novas liñas de transporte se realizou coas garantías necesarias?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 17:07:22

Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2018 17:07:29

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 17:07:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:35
Nº Rexistro: 24436
Data envío: 30/01/2018 17:35:06.446

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

No Real Decreto 1078/2014, o anexo II recolle as Boas Condicións Agrarias e Medioambientais da terra. A BCAM 6 do apartado 2 (solo e reserva de carbono), que fai referencia ó mantemento da porcentaxe de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incorporaría a seguinte prohibición:

"A aplicación do purín nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abano nin canóns, podendo as Comunidades Autónomas estableceren excepcións, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións orográficas e climáticas, ou outros motivos, debendo as mesmas quedaren debidamente xustificadas."

O sistema de condicionalidade establecido no REGULAMENTO (UE) nº 1306/2013 do Parlamento europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013, inclúe un marco a partir do cal os estados membros deben adoptar normas nacionais de boas condicións agrarias e ambientais.

O marco da Unión debe incluír normas para abordar mellor as cuestións da auga, do solo, das reservas de carbono, da biodiversidade e da paisaxe, así como do nivel mínimo de mantemento da terra.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os beneficiarios da PAC deben comprender claramente as súas obrigacións en relación coas normas de condicionalidade. Para iso, tódolos requisitos e normas que forman parte das mesmas deben ser comunicadas polos estados membros de forma exhaustiva, comprensible e explicativa, mesmo, cando sexa posible, por medios electrónicos

No artigo 94 deste regulamento establécense as obrigas dos Estados membros relativas ás boas condicións agrarias e ambientais:

"Os estados membros garantirán que toda a superficie agrícola, incluída a que xa non se utilice para a produción, se manteña en boas condicións agrarias e ambientais.

Os estados membros definirán, a nivel nacional ou rexional, as normas mínimas para os beneficiarios de boas condicións agrarias e ambientais da terra sobre a base do anexo II, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións edafolóxicas e climáticas, os sistemas de explotación existentes, a utilización das terras, a rotación de cultivos, as prácticas de explotación agraria e as estruturas de explotación.

Os estados membros non definirán requisitos mínimos que non estean establecidos no anexo II.

O primeiro que non está claro, e haberá que xustificar legalmente é por que meter esta medida, que afecta, e de que maneira, ó sector lácteo e cárnico bovino case exclusivamente. Nas BCAMs da condicionalidade da PAC, xa que esta nova "medida" non ten fundamento científico agronómico desde o punto de vista de manter a materia orgánica do solo



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(*BCAM 6. Mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incluída a prohibición de queimar os restrollos, excepto por razóns fitosanitarias*)

A utilización de novos apeiros para aplicar o xurro en terreos inclinados, aumenta as necesidades de tracción dos tractores, o prexudicar a estrutura do solo, favorecer a erosión, e a escorrentía de nutrientes cara as augas.

Un informe da Comisión Europea sobre as emisións de gases contaminantes do sector gandeiro aclara que o sector de vacún de leite é o que menos amoníaco emite á atmosfera, sendo os nitratos de síntese e o porcino os principais sectores contaminantes. É máis, en cifras o gando de vacún de leite é responsable só do 4,4% das emisións de amoníaco de orixe agrícola. Pola contra, a gran maioría destas corresponden ós nitratos de síntese (19,7%) e ao porcino (17,5%).

Sendo isto certo, a pregunta é: por que ten que paga-los pratos rotos o sector lácteo con medidas restritivas condicionando o pago da PAC?

Así como, cal é a razón pola que non se opta por outros aspectos amortecedores das emisións coma o pastoreo, o enterrado inmediato con laboreo, a diminución do uso de abonos químicos como a urea, as condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas?

O motivo aducido polo Ministerio é o de reduci-las emisións de amoníaco de orixe agrícola aplicando técnicas que diminúan a volatilización do nitróxeno dos xurros, pero non toma medida cos nitratos de síntese que na Unión Europea representan o 20,8% das emisións.

O Programa Europeo de Avaliación da Calidade do Aire déixao moi claro: as zonas con maior contaminación por amoníaco do Estado español son as que teñen máis



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:35
Nº Rexistro: 24436
Data envío: 30/01/2018 17:35:06.446

concentración de porcino, en concreto as comunidades de Cataluña e Aragón fundamentalmente. Pola contra onde se concentra a cabana leiteira, Galicia e a Cornixa Cantábrica, son as de niveis máis baixos.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o posicionamento e que medidas ten previsto tomar a Consellería en defensa do sector lácteo e cárnico galego?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 17:35
Nº Rexistro: 24436
Data envío: 30/01/2018 17:35:06.446

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2018 17:33:05

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2018 17:33:10

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2018 17:33:12

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2018 17:33:15

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2018 17:33:16

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2018 17:33:17

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

Unha das obrigas legais do Goberno galego en materia de igualdade é a de “*garantir o funcionamento de centros e servizos de información e asesoramento ás mulleres en número e dotacións suficientes*”.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos centros de información e asesoramento ás mulleres cre o Goberno que son necesarios na Comunidade Autónoma de Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 10:41:54

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2018 10:41:59

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2018 10:42:04

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/01/2018 10:42:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

A Comisión Interdepartamental de Igualdade foi constituída en marzo de 2013. Ten como obxectivo o seguimento da aplicación da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, enriquecemento, revisión e implantación das 320 actuacións recollidas no VI Plan galego para a igualdade entre homes e mulleres.

Foi definido polo Goberno como un órgano fundamental que se ía encargar de reforzar a integración do principio de transversalidade de xénero en todas as políticas e acción da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai dita comisión do cumprimento da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 10:42:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2018 10:42:27

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2018 10:42:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/01/2018 10:42:33

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

O Consello Galego das Mulleres constituído en marzo de 2014, co fin de actuar como canal de participación efectiva de institucións e asociación no deseño de políticas de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, da discriminación e da promoción da igualdade entre homes e mulleres, ademais de dar asesoramento en materia desigualdade.

É un órgano colexiado de carácter consultivo que ten como función elevar propostas e iniciativas aos poderes públicos, elaborar informes sobre a situación e perspectivas da igualdade e investigar a realidade das mulleres galegas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Hai algunha conclusión dalgún estudo do Goberno sobre a reorganización dos tempos de traballo e a conciliación da vida familiar e da vida laboral?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 10:42:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2018 10:42:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2018 10:42:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/01/2018 10:43:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é una necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que desexa erradicar o sistema patriarcal androcéntrico e sexista.

A fin de que se cumpra plenamente este dereito, non solo ten que recoñecerse legalmente, senón que debe exercerse de forma efectiva implicando todos os aspectos da vida: políticos, económicos, sociais e culturais.

A Conta Satélite de Produción Doméstica de Galicia debe ter como obxectivo principal dar unha información sobre un traballo non retribuído, pero necesario, que se mantivo durante moito tempo oculto ao resto da economía, pór de manifesto a importancia da produción doméstica con relación ao PIB, aplicar no cálculo do valor do traballo non retribuído con fins de política social (casos de divorcio, lesión ou morte), realizar análises do funcionamento dinámico da economía doméstica e as súas interaccións co sector público e o do mercado e proporcionar tamén útiles reflexións sobre as análises do consumo privado.

A dispoñibilidade de estimacións regulares no tempo da produción doméstica permitiría ter información sobre o volume producido polos fogares e o consumo real de servizos.

Ademais, sería de grande utilidade para a implantación de políticas sociais, especialmente nas que teñan que ver con transferencias sociais aos fogares.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Dispón a Xunta de Galicia dunha serie de Conta Satélite de traballo doméstico suficiente para a obtención de conclusións obxectivas?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 30/01/2018 10:43:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2018 10:43:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2018 10:43:36

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/01/2018 10:43:38

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luis Manuel Alvarez Martínez, Julio Torrado Quintela, Concepción Burgo López e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A situación das mulleres é moi diferente duns países a outros, aínda que teñen un denominador común: en ningún país do mundo as mulleres teñen os mesmos dereitos e oportunidades que os homes, o que lles impide participar en igualdade de condicións en todos os ámbitos da vida.

A pesar dos cambios e esforzos realizados, seguen existindo grandes desigualdades entre homes e mulleres, que se manifestan de diferentes formas. A nivel mundial, algunhas cifras facilitadas pola Axencia Española de Cooperación Internacional evidencian o seguinte:

1. O 70 % da poboación que vive na pobreza son mulleres.
2. Dous terzos da poboación adulta analfabeta son mulleres.
3. Cada minuto morre unha muller no mundo por causas relacionadas co embarazo e o parto.
4. Polo menos una de cada tres mulleres e nenas en todo o mundo foron golpeadas ou sometidas a abusos sexuais ao longo da súa vida.
5. O 90 % das vítimas da guerra son civís, a maioría mulleres, nenas e nenos.
6. A inmigración feminina ten medrado nos últimos dez anos un 74 %, fronte ao 22 % que aumentou a masculina e, ademais, a xornada laboral das mulleres inmigrantes é un 37% máis longa que a das españolas.

Esta situación é consecuencia dos condicionantes de xénero - os roles e estereotipos que as sociedades asignan ás mulleres e aos homes por pertencer a un sexo ou outro - que condicionan a vida de homes e de mulleres, limitando a súa liberdade e impedindo o desenvolvemento pleno da súa capacidades, tanto persoais como profesionais.

Aínda queda un gran camiño por percorrer para alcanzar a igualdade real entre mulleres e homes. Necesitamos traballar para lograr un empoderamento das mulleres, desaprender os mandatos do xénero, repensar valores e actitudes que impregnan as culturas e a vida das persoas que contribúen á desigualdade entre sexos.

A educación é parte esencial para a transmisión dos roles e estereotipos de xénero, de aí a importancia que ten como ferramenta de cambio social. Convértese en imprescindible por tanto traballar desde a escola pola igualdade e abordar o sexismo en todos os ámbitos educativos.

Ao igual que outras Administracións Autonómicas (Andalucía, Castela e León, Valencia, etc) a Xunta de Galicia vén de publicar o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, elaborado pola Secretaría Xeral de Igualdade e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Este plan conta con catro principios inspiradores: a transversalidade (igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa), a sociedade igualitaria (construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación), o obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade” (a imprescindible sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición) e a Inclusión e integración da diversidade (a educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual).

Tamén figura no mesmo que se procederá á:

1. Elaboración de materiais, asesoramento e orientación así como achegar ferramentas de utilidade para que os centros educativos dispoñan de recursos para coeducar. O material achegado polos departamentos responsables de executar este Plan atoparase dispoñible nas páxinas web de ambos os dous departamentos e na plataforma de uso habitual polo profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. Formación do profesorado e alumnado dos centros educativos. Na súa maior parte, esta formación estará incluída nas actividades levadas a cabo no Plan anual de Formación do Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Incidirase na formación en coeducación, mediante estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo, en orientación, con especial atención na construción de identidades libres de estereotipos de xénero así como na diversidade afectiva e sexual, sen esquecer a problemática da violencia de xénero no ámbito.

Con respecto a isto último, o Plan anual de Formación do Profesorado para o curso 2016/2017 (primeiro de vixencia do I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020) non contempla nin unha soa acción relacionada con este asunto no que a convocatorias de grupos de traballo nos centros se refire, que necesariamente deberán axustarse ás temáticas propostas no anexo I da convocatoria (páxina 34), nin na modalidade de seminarios (páxina 43).

Do anterior, dedúcese de forma obvia que o compromiso co plan é inexistente neste ámbito.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O Goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Santiago?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/01/2018 18:24:45

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2018 18:24:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2018 18:24:57

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Abel Losada Alvarez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 16,4 % do 2016, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O goberno galego anunciou en repetidas ocasións a súa intención de dotar as cidades da Coruña, Vigo, Ferrol, Santiago, Pontevedra, Ourense e Lugo de residencias de maiores.



Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando ten previsto comezarse a construción da residencia de maiores de Vigo?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/01/2018 18:25:08

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2018 18:25:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/01/2018 18:25:26

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo determinou a OMS no ao 2002, os coidados paliativos son os coidados de pacientes e familias con enfermidades cunha expectativa de vida limitada en etapas avanzadas que presentan moitos problemas e necesidades físicas, sociais, psicolóxicas e espirituais. Os coidados paliativos: alivian a dor e os outros síntomas; respectan a vida, e contemplan a morte como un proceso natural; non tentan precipitar nin atrasar o momento da morte; integran os aspectos psicolóxicos, sociais e espirituais da atención ao paciente; ofrécenlle ao paciente un soporte que lle permita vivir tan activamente como sexa posible, ata a súa morte; ofrécenlle á familia un soporte que lle axude a encarar o sufrimento do paciente e do seu propio duelo; utilizan un enfoque de equipo para responder as necesidades do e da paciente e da súa familia, incluíndo o acompañamento psicolóxico do duelo, de ser necesario; pretenden mellorar a calidade de vida e poden tamén influír favorablemente sobre o curso da enfermidade; poden aplicarse nun estadio temperán da enfermidade, paralelamente a outras terapias enfocadas a prolongar a supervivencia (por exemplo, a quimioterapia ou a radioterapia); son igualmente compatibles coas probas necesarias para diagnosticar e tratar mellor as complicacións da enfermidade.

As instalacións da ampliación do CHUOU, consistente na execución dun novo bloque de hospitalización, dunha área de servizos xerais e a ampliación e dotación de aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto da cidadanía), puxéronse en marcha unha vez rematadas as obras en outubro de 2017 (cun retraso dun ano e sete meses a respecto da data prevista), e de que o Concello de Ourense concedese a licenza de ocupación e apertura do novo edificio de hospitalización.

Grupo Parlamentario

A nova localización da Unidade de Coidados Paliativos do CHUOU, que foi trasladada dende o hospital Santa María Nai ao Cristal dentro do proceso de recolocación motivado pola apertura do novo edificio de hospitalización, non é segundo denunciaron recentemente traballadores e traballadoras do servizo, a máis axeitada para estes pacientes. Aseguran que as habitacións que ocupan, que antes eran unha unidade de Medicina Interna, presentan carencias e unha perda da calidade asistencial evidente tanto para os e as pacientes como para os familiares que lles acompañan: os baños das habitacións son pequenos, as portas non pechan ben, ventás que deixan pasar a luz co que se dificulta o descanso... A nova situación dificulta o descanso dos e das pacientes, xa que polos corredores pasan carros de comida ou de roupa cara a parte nova.

Ademais tras este traslado reduciuse unha enfermeira e unha auxiliar nesta unidade.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia da nova unidade de coidados paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense?

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 30/01/2018 18:56:00

Raúl Fernández Fernández na data 30/01/2018 18:56:22

Julio Torrado Quintela na data 30/01/2018 18:56:27

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

En decembro do 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda presentou publicamente o observatorio da Vivenda de Galicia (OVG), destinado a servir de apoio aos axentes públicos e privados que interveñen neste sector. Un espazo de intercambio de información, propostas e comunicación do sector.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes **preguntas orais en Pleno**:

-Que traballos desenvolve ou vai desenvolver o Observatorio da Vivenda de Galicia e de que maneira os resultados se poñerán á disposición dos cidadáns de Galicia?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 31/01/2018 10:41:57

Martín Fernández Prado na data 31/01/2018 10:42:07

Antonio Mouriño Villar na data 31/01/2018 10:42:38

Marta Novoa Iglesias na data 31/01/2018 10:42:51

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/01/2018 10:43:16

Gonzalo Trenor López na data 31/01/2018 10:44:14

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/01/2018 10:45:37



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao incremento da factura de luz dos galegos e galegas por obrigación o goberno central a cargar o canon eólico e ás actuacións que ten pensado impulsar o Goberno galego.

O martes 30 de xaneiro de 2018 o BOE recolle a Galiza como unha das comunidades na Orde ETU66/2018, do 26 de xaneiro, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para a determinación de tributos autonómicos.

A lei do sector eléctrico en vigor dende 1997 abría a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Unha posibilidade que se converteu en imposición coa reforma impulsada en 2013, que abría a posibilidade a pagar máis polo peaxe de acceso que fixa o Goberno para todos os consumidores polo uso das redes eléctricas. A lei contemplaba que “en caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos especiais, á peaxe de acceso engadiráselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recargo e que deberá ser abonado polos consumidores ubicados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:26
Nº Rexistro: 24630
Data envío: 31/01/2018 12:26:02.321

Xa no seu día o nacionalismo galego alertou sobre a cuestión sinalando a marxinação que supuña impedir que territorios excedentarios non poidamos desenvolver unha política enerxética propia e que discriminaba negativamente aos territorios que soportan as instalacións de xeración, o que implica que as comunidades que teñen que soportar os custos sociais e medioambientais da xeración eléctrica, no canto de verse recompensadas, vense prexudicadas dobremente.

As novas coñecidas nos últimos días constitúen unha clara discriminación dos consumidores e consumidoras galegas e unha mostra máis da submisión do goberno galego ao central en materia de política enerxética así como a insuficiencia das negociacións que o goberno dixo manter co Estado.

Estas son as razóns polas que se formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Que ten pensado facer o Goberno galego para evitar que as persoas consumidoras de electricidade en Galiza vexan un incremento aínda maior da súa factura por mor do canon das eólicas?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:26
Nº Rexistro: 24630
Data envío: 31/01/2018 12:26:02.321

Ana Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2018 12:25:20

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2018 12:25:25

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2018 12:25:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2018 12:25:28

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2018 12:25:30

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2018 12:25:32

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

Mediante a orde do 23 de agosto do 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, creou unha liña específica de axudas para a instalación de ascensores naqueles edificios de tipoloxía residencial colectiva que carecen do mesmo; axudas tamén aplicables a vivendas unifamiliares e dúplex, así como á instalación de salvaescaleiras e outros aparellos destinados a eliminar os problemas de accesibilidade.

Destas axudas, que poden chegar ata o 60% do orzamento subvencionable cun máximo de 35.000 euros, sempre segundo a situación da edificación e o número de vivendas da mesma, poden ser beneficiarios as comunidades de persoas propietarias e persoas físicas propietarias únicas de edificios de vivendas, de dúplex e edificios de tipoloxía residencial colectiva ou dunha vivenda unifamiliar que cumpran os requisitos económicos de ingresos establecidos. As unidades de convivencia non superarán 3,5 veces o IPREM coa ponderación prevista segundo a distinta situación das mesmas.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **pregunta oral en pleno**:

-Que balance fai a Xunta de Galicia dos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores, e cales son as previsións nesta materia para o ano 2018?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 31/01/2018 12:33:19

Martín Fernández Prado na data 31/01/2018 12:33:29



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:36
Nº Rexistro: 24633
Data envío: 31/01/2018 12:36:09.894**

Jacobo Moreira Ferro na data 31/01/2018 12:33:44

Marta Novoa Iglesias na data 31/01/2018 12:34:31

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/01/2018 12:34:44

Gonzalo Trenor López na data 31/01/2018 12:35:01

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/01/2018 12:35:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Despois dos lumes que asolaron Galiza no ano 2017, moitos lugares de pendente elevada necesitaban dun plan urxente de restauración antes de que viñeran as choivas, sobre todo despois de confirmarse o que tódalas previsións dicían: que as escorrentías do inverno, lavarían cinza das ladeiras e estas pararían nos cauces hidrolóxicos.

Foron moitas as organizacións e plataformas que deron conta de que se precisaba unha labor de rexeneración e contención da cinza canto antes.

A Xunta volve a usar o método do “Heomulching” ou acolchado con palla, sobre todo en zonas que son visibles pola poboación, aínda que non faga falta.

No distrito XIII (comarca de Trives-Caldelas) atópase a empresa Tragsa ocupando a base helitransportada de San Xoán de Río para facer estes labores de restauración.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:



Posúe a empresa Tragsa permiso de cesión das instalacións públicas da Consellería de Medio Rural para facer uso delas?

Santiago de Compostela, a 31 de xaneiro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 31/01/2018 12:52:18

Paula Quinteiro Araújo na data 31/01/2018 12:52:30



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a cobertura do servizo de asistencia psicolóxica a mulleres en situación de violencia machista nos xulgados de Galiza.

O convenio asinado pola Vicepresidencia da Xunta de Galiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza (COPG) para prestar asistencia ás mulleres en situación de violencia machista nos xulgados galegos rematou en xaneiro de 2018, apenas tres meses despois de ser asinado por razóns supostamente orzamentarias.

Neste senso, a Xunta anunciou que asumirá a prestación deste servizo a través da contratación directa de profesionais da Psicoloxía, no concreto sete. Porén, no tempo entre a finalización do convenio e as novas contratacións o servizo fica baleiro e, polo tanto, as mulleres que o precisen non poderán ser atendidas pois as oficinas nas que se prestaba esta atención estarán pechadas.

A atención psicolóxica das mulleres en situación de violencia machista aparece recollida na Lei 11/2007 de prevención e tratamento integral da violencia de xénero así como no Estatuto da vítima. Supón un dereito e un servizo fundamental para a atención e acompañamento das mulleres, especialmente, durante o proceso xudicial.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno?

Que medidas prevé adoptar o Goberno galego para garantir a atención psicolóxica das mulleres en situación de violencia machista nos xulgados mentres non se procede á contratación directa de 7 profesionais anunciada pola Xunta?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2018 13:48:08

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2018 13:48:14

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2018 13:48:15



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:50
Nº Rexistro: 24676

Data envío: 31/01/2018 13:50:10.216

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2018 13:48:16

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2018 13:48:18

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2018 13:48:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A sentenza 149/2017 do Tribunal Constitucional, de 18 de decembro de 2017, ditada no recurso de amparo 5542-2016 promovido por dúas traballadoras interinas da entón Consellería de Traballo e Benestar, co obxecto de garantir e reclamar a conciliación da súa vida laboral e familiar mediante a permuta de localidade dos seus postos de traballo, reconece a ambas traballadoras este dereito, tal e como fixera en primeira instancia o Xulgado do Social núm. 2 de Ourense o 25 de marzo de 2014. Entenden estas sentenzas contrario ao dereito das traballadoras os pronunciamentos da Xunta de Galicia que impedían esta permuta de postos de traballo.

Estas resolucións xudiciais invocan a propia doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) ao interpretar a cláusula 4.1 da Directiva 1999/70/CE, do Consello, do 28 de xuño de 1999, considerando que os traballadores con contrato de duración determinada non poden, sen que exista algunha xustificación obxectiva, ser tratados de maneira menos favorable que os traballadores fixos que se encontran nunha situación comparable.

Por iso o Tribunal Constitucional reconece en amparo ás traballadoras temporais da Xunta de Galicia que impugnaron as decisións da entón Consellería de Traballo o seu dereito ás permutas solicitadas, ao apreciarse que o artigo 17 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia –que limita o dereito de permuta aos traballadores fixos– debe interpretarse conforme á normativa comunitaria que proscribe as diferenzas de trato inxustificadas entre o persoal fixo e o temporal.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:



Grupo Parlamentario

Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar a desigualdade de trato entre empregados públicos autonómicos fixos e temporais conforme á doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2018 16:17:50

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2018 16:18:06

Noela Blanco Rodríguez na data 31/01/2018 16:18:13

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2018 16:18:21

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 23 de marzo de 2017, o Consello da Xunta aprobou un documento elaborado pola Consellería do Medio Rural para fixar poboación no rural dotado con 230 millóns de euros procedentes de fondos europeos para cohesión territorial, innovación e formación, agricultura sustentable, mellora da competitividade, impulso da cooperación e remuda xeracional.

Segundo manifesta o Goberno, o Plan xira arredor de seis grandes eixes, a través de 23 medidas, coa previsión de crear uns 3.000 empregos directos no agro galego e a posta en valor de case 330.000 hectáreas dende o punto de vista agrogandeiro e forestal no período 2017-2020.

Sendo o seu principal obxectivo a cohesión territorial e o mantemento da poboación, apoiando os modelos de negocio no rural, tanto a través do aproveitamento dos seus recursos endóxenos (agrogandeiro e forestal) como dos novos eidos de negocio. Busca tamén acadar un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais e a creación e conservación do emprego.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Cal foi a execución da partida ou partidas destinadas a este plan no ano 2017?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2018 16:50:06



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/01/2018 16:50:13

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2018 16:50:22

José Antonio Quiroga Díaz na data 31/01/2018 16:50:30

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Nas sete principais cidades de Galicia había abertas oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista. Este servizo cubríase, en fase de probas, mediante un convenio co Colexio Oficial de Psicología de Galicia ata o de agora, pero nestes días soubemos que Vicepresidencia decidiu sacar a concurso as 7 prazas, asumindo entón a súa xestión.

Ocorre que o convenio remata neste mes de xaneiro, polo que haberá un tempo ata a contratación directa dos e das profesionais por parte da Xunta de Galicia (e que o Goberno non é capaz de cuantificar), no que as oficinas xudiciais de apoio non estarán operativas. O que preocupa fondamente a este grupo parlamentario.

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ten que ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica de 2004. Non obstante, en Galicia só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a Muller, en Vigo e en A Coruña e, pese ao avance que supuxo o servizo de oficinas de psicólogos, agora os xulgados quedarán sen elas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Canto tempo prevé o Goberno galego que vai tardar en implantar o procedemento de contratación directa dos e das profesionais das oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista?

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2018 18:58:52

María Luisa Pierres López na data 31/01/2018 18:58:57

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2018 18:59:01

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2018 18:59:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2018 18:59:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a resposta oral en Pleno**, sobre a cancelación do contrato para a organización dos actos nas Feiras do libro internacionais para 2018.

Con data do 28 de setembro de 2017 a Xunta de Galiza autorizou o inicio do proceso de licitación do contrato de servizos de organización dos actos a desenvolver pola Consellaría de Cultura, Educación e O.U. nas feiras do libro internacionais de 2018. No concreto 5 lotes que se corresponden coas feiras de Bologna, Barcelona, Frankfurt, Guadalajara (Mexico) e Bos Aires. O proceso contaba cun orzamento de licitación de 157.024,80 euros, IVE excluído.

Os pregos coas cláusulas administrativas e prescricións técnicas foron aprobados polo órgano de contratación correspondente o 31 de outubro de 2017 e a publicación do procedemento tivo lugar no DOG núm. 212, do 8 de novembro de 2017 rematando o prazo de presentación das ofertas o 23.11.2017.

Porén, en decembro a Secretaría Xeral de Cultura dirixiu un escrito ao órgano de contratación para solicitar a suspensión do expediente de contratación de catro dos cinco lotes. En concreto, todos agás o de Bos Aires (Arxentina).

Na súa argumentación a Secretaría Xeral de Cultura responsabiliza da decisión ao “crecente desinterese dos axentes implicados na participación destas feiras,



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 11:18
Nº Rexistro: 24800
Data envío: 01/02/2018 11:18:44.336

fundamentalmente do sector editorial” cuestión que afirman ter “corroborado en recentes reunións mantidas entre a Administración autonómica e representantes do mundo editorial (principalmente coa Asociación Galega de Editoras) [...] que fai que o forte investimento que realiza a Administración autonómica para conseguir os obxectivos marcados pola Administración carezan de sentido”.

Cómpre lembrar que a AGE abrangue o 90% da produción editorial galega e que a Xunta de Galiza ten, de acordo coa Lei do libro e da lectura de Galiza, aprobada en 2006, a obriga de “fomentar a asistencia das empresas galegas do sector do libro e dos creadores e creadoras a feiras ou exposicións que se desenvolvan fóra do seu ámbito territorial, incluídos os certames internacionais” así como de “realizar unha política de apoio para a apertura de novos mercados do libro galego” (artigo 18).

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Pensa o Goberno galego cumprir coas súas obrigas legais de acordo co disposto na Lei 17/2006 do libro e da lectura de Galiza?

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 11:18
Nº Rexistro: 24800
Data envío: 01/02/2018 11:18:44.336

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 11:14:56

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 11:15:02

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 11:15:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 11:15:06

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 11:15:07

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 11:15:10



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 12:27
Nº Rexistro: 24836
Data envío: 01/02/2018 12:27:08.874

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a resposta oral en Pleno**.

Durante anos veciñanza, asociacións locais e organizacións políticas reivindicaron a construción primeiro e a apertura despois dun Centro de Saúde no barrio do Couto, en Ourense. Trátase dun barrio con moita poboación e necesidades evidentes de mellora na proximidade de atención sanitaria, para alén das necesidades de desconxestión doutros centros de saúde próximo. Malia todo isto, diferentes atrancos e a falta de vontade política da Xunta de Galiza e outros axentes dificultaron a súa apertura ao público mesmo aínda estando en risco de perder a parte de axudas europeas que contribuíran á súa edificación.

Parecía que a apertura tería lugar en setembro de 2016 pero tamén entón tivo un adiamento malia os anuncios públicos previos. Na altura, a Xerencia de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde de Ourense volvía dar marcha atrás ao non ter a licenza de ocupación nun novo episodio de demora.

Finalmente, na última semana de novembro de 2017 o Centro de Saúde abriu as súas portas. Porén, a falta de planificación e improvisación da Xunta repercutiu en saturación na administración e molestias para as persoas usuarias do Couto e de Nóvoa Santos porque mudaron automaticamente ás persoas adscritas a profesionais que agora se desprazaban ao novo centro. A administración dedicouse a enviar cartas a usuarios e



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 12:27
Nº Rexistro: 24836
Data envío: 01/02/2018 12:27:08.874

usuarias do Centro de Saúde de Nóvoa Santos (Xoán XXIII) indicándolles que como o seu médico ou médica se trasladaba ao Couto pasarían a ser atendidas alí ou ben debía ir mudar de profesional. A administración non fixo unha boa planificación da apertura e derivou en casos, por exemplo, de pais e nais de crianzas que vivindo no Casco Vello tiveron que ir facer cola ao Centro do Couto, afastado da que debera ser a súa zona, para seguir sendo atendidos en pediatría en Xoán XXIII porque a Xunta mudou ás persoas usuarias automaticamente ao desprazarse a persoa profesional de Pediatría ao novo centro. No lugar de consultar ás persoas afectadas e facilitar a elección ou explicar o cambio e trasladar a atención a outro ou outra Pediatra, a administración actuou con política de feitos consumados.

Doutra banda, pasados uns meses non acaban de darse por superadas outras eivas como filtracións de auga e problemas coa calefacción.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que levou a cabo as actuacións precisas para ofrecer aos e ás ourensás un centro de saúde de primeira no barrio do Couto?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 12:27
Nº Rexistro: 24836
Data envío: 01/02/2018 12:27:08.874

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 12:25:30

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 12:25:37

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 12:25:40

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 12:25:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 12:25:43

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 12:25:45

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A lingua galega ten unha importante presenza histórica no Bierzo, proba disto é o crecemento do alumnado de galego que neste curso ascende a máis de 1.100 estudantes.

Pero o certo é que a ensinanza non é suficiente, a lingua galega necesita a posta en marcha dunha estratexia de promoción e de impulso do seu uso, tanto entre a poboación como nas administracións e medios de comunicación, para á que se necesita a colaboración dos gobernos de Castela León e de Galicia, e tamén dos entes locais do Bierzo.

Neste senso, o colectivo cultural Fala Ceibe do Bierzo acaba de propor a firma dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Junta de Castela e León e o Consejo Comarcal do Bierzo para promocionar o uso do galego nos entes locais bercianos que non teñen os medios suficientes para facelo por se sós.

Esta unión de esforzos e de colaboración entre institucións faría posible crear un servizo lingüístico interadministrativo para facer labores de promoción do galego ca elaboración dos materiais lingüísticos necesarios para introducir a lingua galega no traballo habitual, así como organizar e coordinar cursos de galego para o persoal administrativo, realizar páxinas web institucionais en lingua galega, recuperar a toponimia tradicional en galego ou coordinar a promoción turística no Bierzo en galego, entre outras accións posibles.

O colectivo cultural Fala Ceibe tamén cre necesario a recompilación do dereito do Bierzo occidental, recompilación que debería facerse en galego.

Grupo Parlamentario

En definitivo, que as institucións colaboren para levar adiante un proceso de normalización lingüística.

Consideramos que esta é unha proposta moi interesante por canto Galicia debe impulsar a lingua galega alí onde se fale, e ademais a colaboración entre a Xunta de Galicia e a Junta de Castela e León non é unha novidade porque xa firmaron un protocolo de colaboración para a promoción da ensinanza do galego que leva funcionando moitos anos. Por outra parte, a Lei de Normalización Lingüística impón a obriga ao goberno galego de protexer, e polo tanto tamén de impulsar, a lingua galega falada nos territorios limítrofes coa Comunidade.

Ademais de todo o exposto, o secretario xeral de Política Lingüística manifestou hai uns meses publicamente a súa vontade, e a do goberno galego, de traballar para impulsar a normalización do galego no Bierzo, e a necesidade de que sexa unha lingua de uso máis alá do ámbito educativo.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que accións está a levar a cabo o goberno galego para impulsar o uso do galego no Bierzo fóra do ámbito educativo?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/02/2018 12:55:15

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/02/2018 12:55:25

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A lingua galega ten unha importante presenza histórica no Bierzo, proba disto é o crecemento do alumnado de galego que neste curso ascende a máis de 1.100 estudantes.

Pero o certo é que a ensinanza non é suficiente, a lingua galega necesita a posta en marcha dunha estratexia de promoción e de impulso do seu uso, tanto entre a poboación como nas administracións e medios de comunicación, para á que se necesita a colaboración dos gobernos de Castela León e de Galicia, e tamén dos entes locais do Bierzo.

Neste senso, o colectivo cultural Fala Ceibe do Bierzo acaba de propor a firma dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Junta de Castela e León e o Consejo Comarcal do Bierzo para promocionar o uso do galego nos entes locais bercianos que non teñen os medios suficientes para facelo por se sós.

Esta unión de esforzos e de colaboración entre institucións faría posible crear un servizo lingüístico interadministrativo para facer labores de promoción do galego ca elaboración dos materiais lingüísticos necesarios para introducir a lingua galega no traballo habitual, así como organizar e coordinar cursos de galego para o persoal administrativo, realizar páxinas web institucionais en lingua galega, recuperar a toponimia tradicional en galego ou coordinar a promoción turística no Bierzo en galego, entre outras accións posibles.

O colectivo cultural Fala Ceibe tamén cre necesario a recompilación do dereito do Bierzo occidental, recompilación que debería facerse en galego.

Grupo Parlamentario

En definitivo, que as institucións colaboren para levar adiante un proceso de normalización lingüística.

Consideramos que esta é unha proposta moi interesante por canto Galicia debe impulsar a lingua galega alí onde se fale, e ademais a colaboración entre a Xunta de Galicia e a Junta de Castela e León non é unha novidade porque xa firmaron un protocolo de colaboración para a promoción da ensinanza do galego que leva funcionando moitos anos. Por outra parte, a Lei de Normalización Lingüística impón a obriga ao goberno galego de protexer, e polo tanto tamén de impulsar, a lingua galega falada nos territorios limítrofes coa Comunidade.

Ademais de todo o exposto, o secretario xeral de Política Lingüística manifestou hai uns meses publicamente a súa vontade, e a do goberno galego, de traballar para impulsar a normalización do galego no Bierzo, e a necesidade de que sexa unha lingua de uso máis alá do ámbito educativo.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a proposta feita polo colectivo cultural Fala Ceibe do Bierzo de establecer un convenio de colaboración coa Junta de Castela e León para impulsar un proceso de normalización lingüística no Bierzo?

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/02/2018 12:56:30

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/02/2018 12:56:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 13:32
Nº Rexistro: 24888
Data envío: 01/02/2018 13:32:12.091

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á posta en marcha dun plan de viabilidade para a flota do cerco para o ano 2018, con medidas que permitan unha xestión normal e faga viable a flota.

A flota do cerco vai ter un ano moi complicado despois do reparto realizado en Bruxelas e aplaudido polo Ministerio e os responsables do Goberno galego, levando a cabo unha rebaixa do xurelo na IXa do 24%, o que supón unha caída de 14.373 toneladas, implicando que a flota do cerco vai poder pescar un 20,2% menos co que pescou no ano 2017.

Unha enorme redución da principal especie estratéxica para o noso cerco. Hai que lembrar que na zona VIIIc, xa tínhamos una cota de xurelo insuficiente, situación que se emendou pero que non se deu compensado coa subida do 21%. Nunha especie onde todos estábamos convencidos de que estaba en valores de RMS.

Unha zona a atlántica, IXa, na que contamos cunha ridícula cota de bocarte o que fai totalmente dependente a esta flota dunha especie sen regular, o xarda pintada ou “cabalón”.

A situación da xarda, cunha redución do 20%, tamén é preocupante o que aboca a este segmento da flota a unha situación insostíbel. Lembremos que do cupo outorgado



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de 30.700 toneladas ó Estado español vese reducido polas multas de sobrepesca do 2009/2010 a diminuír o seu dereito de cota en 5.544 toneladas, seguindo a pagar de forma lineal tanto quen realizou sobrepesca como quen realizou una pesqueira con medidas de control tanto nas cotas diarias, como nos días de actividade.

A todo este drama hai que engadirlle o peche da pesqueira da sardiña das augas ibéricas, a redución da cota e as diversas medidas implementadas para xestionar este recurso nas divisións CIEM VIIIc e IXa, sen que existan medidas paliativas, como as levadas a cabo para a flota lusa ou andaluza.

A situación é que verán reducidas de forma moi significativa as posibilidades de pesca desta flota, sen que encontremos no horizonte compromisos para buscar alternativas.

Estas son as razóns que levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para garantir a viabilidade da flota do cerco para o ano 2018?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

